

BASES

XVII CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Obxecto.-

A Universidade de Santiago de Compostela organiza a través da **Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela (AVTE) e en colaboración coa súa incubadora, Uninova**, o “XVII Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC” que ten por obxecto premiar a aqueles emprendedores e emprendedoras que presenten ideas innovadoras susceptibles de converterse en proxectos empresariais a curto e medio prazo.

O CONCURSO REXERASE POLAS SEGUINTES BASES:

Artigo 1.- Participantes:

O concurso vai dirixido **a toda a comunidade universitaria** (estudantes, egresadas e egresados que obtivesen a súa titulación nos tres últimos anos contados dende o día de peche da convocatoria deste concurso, doutorandas e doutorandos, etc.) **e a todas as áreas de coñecemento** (Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias Xurídicas e Sociais, Ciencias Experimentais e Ensinanzas Técnicas) da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 2.- Difusión.

Realizaranse actividades de difusión da cultura emprendedora nos tres campus da Universidade de Santiago de Compostela:

- 23 e 30 de Outubro de 2019: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no Campus Norte de Santiago de Compostela.
- 24 de Outubro de 2019: Escola Técnica Superior de Enxeñaría no Campus Vida de Santiago de Compostela.

- 31 de Outubro de 2019: Facultade de Administración e Dirección de Empresas no Campus Terra de Lugo.

Tratase de actividades dirixidas a animar a emprender con sentido común, usando como exemplos a traxectoria de mozas e mozos emprendedores, visibilizando casos de éxito e tamén de fracaso.

Artigo 3.- Inscripción.

A inscrición no concurso realizarase de forma telemática, cumprimentando o formulario que aparece na páxina web: <http://www.usc.es/gl/investigacion/avte/index.html>

Artigo 4.- Prazo de presentación

O prazo de presentación vai dende o día **17 de outubro ata o 15 de novembro** de 2019.

Artigo 5.- Premios

Outorgaranse **5 premios de 500 euros por idea**. Estes premios están suxeitos a unha **retención de IRPF**.

CATEGORÍAS DOS PREMIOS

2 PREMIOS baseados en **traballos de investigación desenvolvidos en grupos da USC**

3 PREMIOS baseados en **ideas propias do equipo promotor**

Dos 5 premios, **alomenos 2** (de calquera das categorías) **serán concedidos a ideas promovidas principalmente por mulleres¹**

No caso de que os premios asociados a ideas baseadas en traballos de investigación quedasen desertos, poderase ampliar o número de premios de ideas propias do equipo promotor.

Os e as finalistas dos premios coñecerán os resultados das ideas gañadoras na **Feira de Innovación da USC** que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia os días **27 e 28 de novembro de 2019**.

¹ A porcentaxe maioritaria do equipo promotor deberá estar formada por mulleres

Todas as persoas premiadas terán a obriga de entregar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia que acredite a súa vinculación universitaria (título, impreso de matrícula, etc.)
- Certificación bancaria co número de conta onde efectuar o ingreso. E no caso de que a idea premiada pertenza a varias persoas, acordo asinado por todo o equipo promotor para poder facer o ingreso a unha soa persoa.

Artigo 6.- Xurado

O xurado estará composto por representantes da Universidade de Santiago de Compostela e de entidades colaboradoras. A súa composición publicárase no taboleiro de anuncios do Edificio Emprendia.

Artigo 7.- Criterios de valoración.

Valoráranse de forma preferente os seguintes aspectos:

- Viabilidade e factibilidade da idea
- Carácter innovador
- Grao de madurez da idea
- Mercado
- A presenza de políticas de igualdade

Artigo 8.- Confidencialidade.

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos e ideas aportados polas persoas participantes que non foran premiadas.

Artigo 9.- Aceptación das bases.

A participación neste concurso implica a **plena aceptación das súas bases e da decisión do xurado.**

A organización do concurso resérvase o dereito a declarar deserto un ou varios premios, no caso de que as ideas non reúnan ás condicións necesarias para seren premiadas, así como poder ampliar os premios concedendo os accésits que considere oportunos.

Non poderán presentarse a este concurso, nin directamente nin a través de familiares ata o segundo grao, o persoal dalgunha das entidades relacionadas coa Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela (AVTE), e Uninova.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

Tel. 900 100 981 (Campus de Santiago)

Tel. 982 822 854 (Campus de Lugo)

www.usc.es/avte

www.womanemprende.org

www.uninova.org